



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Historia	Código	613G01009	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Vázquez Lijó, José Manuel	Correo electrónico	j.m.vlijo@udc.es	
Profesorado	Alonso Troncoso, Víctor	Correo electrónico	v.alonso.troncoso@udc.es	
	Vázquez Lijó, José Manuel		j.m.vlijo@udc.es	
Web	www.udc.es/filo			
Descrición xeral	Historia da historiografía occidental, dende a Antigüidade á Idade Contemporánea. O curso centrarase nas fontes historiográficas, de carácter literario, non so analizando as preferencias temáticas e as orientacións ideolóxicas dos cronistas e historiadores, senón tamén (ao seren unha Facultade de Filoloxía) facendo unha especial énfase nas relacións deses autores cos xéneros literarios concorrentes na representación do pasado, nomeadamente a épica e a novela. Polo demáis, a explicación do contexto histórico constituirá unha condición sine qua non pra profundar nos autores en cuestión.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Saber analizar e comentar textos e discursos históricos utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2		
Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.	A10		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.		B2	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Apreciar a diversidade.		B8	
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.		B9	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.		B10	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.			C5
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8
Ter e saber aplicar os coñecementos básicos que permitan reflexionar sobre a disciplina histórica	A2	B3	C4



Coñecer o uso que dos conceptos fundamentais tratados se ten feito polos propios historiadores	A23	B3	C4
Coñecer a aportación da historia, a literatura e a memoria para a representación do pasado	A2	B1	C1
Saber que os conceptos, as escrituras e a investigación histórica están en permanente construción.	A2 A23	B1 B3	C1 C6
Utilizar os coñecementos e técnicas propias da historia no ámbito doutras disciplinas, nomeadamente as relacionadas coa linguaxe como a lingüística e a literatura.	A1 A2 A3 A23	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C7 C8
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A11		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Consideracións xerais acerca da Historia	1.1. Conceito de Historia 1.2. Obxecto e suxeito da Historia 1.3. Método e Teoría 1.4. O espazo e o tempo na Historia
2. O discurso histórico na Antigüidade	2.1. Os precedentes de Egipto, Mesopotamia e outras altas culturas urbanas 2.2. Da historiografía grega ás interpretacións proféticas do cristianismo
3. Da teocracia medieval ao racionalismo da Ilustración	3.1. A teoría das "tres ordes" do feudalismo 3.2. As crónicas medievais 3.3 A singularidade das historiografías non cristiás. Ibn Jaldun; a historiografía chinesa. 3.4. A crítica renacentista 3.4. A racionalidade ilustrada
4. Revolución francesa e liberalismo: o salto cara a construción da Historia como ciencia	4.1. O nacemento da historiografía moderna. 4.2. Discurso histórico e nacionalización do pasado 4.3. As variantes do discurso histórico: liberalismo, romantismo, positivismo e historicismo alemán 4.4 A literatura histórica: literaturas nacionais e sistemas literarios 4.5 Alguns estudos de caso
5. As multitudes na Historia	5.1. A renovación dos "Annales" e a Historia Económica 5.2. O materialismo histórico
6. A crise do discurso histórico nos finais do século XX.	6.1. A destrución da Historia como ciencia 6.2 A volta á narración e outras alternativas.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A3 A11 A23 B1 B2 B3 B5 B6 B8 B9	0	15	15
Sesión maxistral	B1 B5 B6 B7 B8 C5 C8	21	0	21
Obradoiro	A1 A2 A10	10	15	25
Proba obxectiva	A11 C7	2	50	52



Discusión dirixida	A11 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C6	14	21	35
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Lecturas complementarias, por conta do alumnado, do material bibliográfico recomendado polo profesor e relacionado coas leccións do temario.
Sesión maxistral	Exposición oral a cargo do profesor, centrada nos contidos do programa da materia. O seguimento das sesións maxistrais constitúe unha condición sine qua non pra debater de maneira axeitada nas clases interactivas.
Obradoiro	<p>Debate na aula na base do libro Os Pazos de Ulloa, dos capítulos previamente indicados ao alumnado e lidos por este con anterioridade, en horas non presenciais. A profesora encargada do obradoiro dirixirá o debate. Deberán participar todos os alumnos matriculados (agás aqueles con dispensa académica e, se así o desexan, os repetidores). Valorizaranse as intervencións de cada alumno ao longo do obradoiro.</p> <p>No apartado de Avaliación (Observacións 3.) indícase o traballo que substitúe a asistencia a estas clases no caso do alumnado repetidor ou con dispensa académica.</p>
Proba obxectiva	Exame escrito tipo test sobre contidos de asignatura. Faranse ao longo do curso varias probas parciais de temas previamente explicados na clase. O alumnado que os aprobe non volta a examinarse de tales contidos no proba final. A data destes parciais será comunicada verbalmente na clase e tamén a través de Teams.
Discusión dirixida	<p>Debate na aula na base de materiais previamente indicados polo profesor e lidos polo alumnado en horas non presenciais. O profesor dirixirá o debate. Deberán participar todos os alumnos (agás aqueles con dispensa académica e os repetidores con incompatibilidade horaria), o que implica a asistencia obrigatoria ás sesións interactivas.</p> <p>No apartado de Avaliación (Observacións 8 e 9) indícase o traballo que substitúe a asistencia á clase interactiva no caso do alumnado repetidor ou con dispensa académica.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva Discusión dirixida	<p>No que atinxe á proba obxectiva o profesor clarexará a modalidade de exame a realizar e a correspondente valorización de cada pregunta.</p> <p>Na discusión dirixida o profesor intervirá pra resolver as dúbidas que cada alumno poda presentar ao longo dos debates.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A10	Comentario e debate na aula da novela Los Pazos de Ulloa, de Pardo Bazán. A participación do alumnado presupón a lectura previa dos capítulos que se comentarán no correspondente obradoiro, cada venres. Deberán asistir ao obradoiro todos os alumnos matriculados, agás nos casos de dispensa académica e, se así o desexan, os repetidores, que terán que entregar o traballo escrito que se indica en Observacións á avaliación	20
Proba obxectiva	A11 C7	Proba escrita (tipo test) para a avaliación da aprendizaxe. Versará sobre os contidos teóricos e prácticos estudados no curso e recollidos no temario da materia.	50



Discusión dirixida	A11 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C6	<p>Debate na aula na base do exposto nas sesións maxistras e dos materiais (preferentemente textos) previamente distribuídos polo profesor e traballados polo alumno en horas non presenciais. Deberán participar todos os alumnos (agás aqueles con dispensa académica e os repetidores con incompatibilidade horaria), o que implica a asistencia obrigatoria ás sesións interactivas.</p> <p>Valorizaranse as intervencións do alumnado na clase interactiva. Poderanse facer controis de asistencia a estas clases.</p> <p>No apartado de Observacións á Avaliación indícase o traballo que substitúe a asistencia ás clases interactivas no caso de repetidores ou de alumnos con dispensa académica.</p>	30
--------------------	---------------------------------------	--	----

Observacións avaliación



1. É obrigatorio ter entregado en tempo e forma as actividades que computan na avaliación.
2. As actividades e probas que computan para a nota final e que fosen aprobadas na primeira oportunidade son liberatorias, é dicir, non se repiten. Por ex., se o estudante suspende na nota final, pero acadada un 5 ou superior puntuación na proba tipo test, non terá que voltar examinarse dela. Deberá recuperar soamente a interactividade e/ou taller, suspensos.
3. Serán cualificados cun Non Presentado (PN) os/as alumnos/as que non asistan ao exame final escrito (proba obxectiva).
4. As faltas de ortografía (grallas) e/ou incorreccións léxico-gramaticais poderán supor unha diminución da nota.
5. A asistencia á aula aportará como máximo o 10% da cualificación final
6. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda.
7. A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: [pat.filoloxia@udc.gal](mailto:pat.filoloxia@udc.gal))
8. Os alumnos en situación de matrícula a tempo parcial (dispensa académica) e os alumnos repetidores que non asistan ao obradoiro (venres) presentarán un resumo, capítulo a capítulo, cun comentario persoal ao final, da novela Los Pazos de Ulloa, de Emilia Pardo Bazán. O traballo, presentado en papel (NON dixitalizado) ao profesor coordinador da asignatura (J.M. Vázquez Lijó), terá as seguintes características: 7 folios (tamaño estándar A4) de extensión, dos que 5 serán de resumo e 2 de comentario persoal (non conta a páxina de cuberta do traballo, co nome do alumno e o título do libro); letra Times New Roman 12; interlineado 1,5. A data límite para entregar o traballo será o 15 de abril de 2024. Este traballo substitutivo computará o 20% da nota final.
9. Os alumnos en situación de matrícula a tempo parcial (dispensa académica) e os alumnos repetidores que non poidan asistir ás clases interactivas (discusión dirixida) deberán facer a recensión bibliográfica do seguinte libro: ÁLVAREZ JUNCO, José e FUENTE MONGE, Gregorio de la (2017), El relato nacional: historia de la historia de España, Madrid, Taurus. O traballo, presentado en papel (NON dixitalizado) ao profesor coordinador da asignatura (J.M. Vázquez Lijó), terá estas características: 8 folios (tamaño estándar A4) de extensión, dos que 6 serán de resumo e 2 de comentario persoal (non conta a páxina de cuberta do traballo, co nome do alumno e o título do libro); letra Times New Roman 12; interlineado 1,5. A data límite para entregar o traballo será o 15 de abril de 2024. Este traballo substitutivo computará o 30% da nota final.
10. Posibilidades ofrecidas ao alumnado para RECUPERAR partes suspensas
- 10.1. Proba obxectiva: todos os estudantes (incluídos os de dispensa académica e os repetidores) deberán superar un novo exame tipo test a realizar na data fixada no calendario académico (2ª oportunidade: xullo)
- 10.2. Interactividade (clases dos mércores)
- 10.2.1. presentar na data fixada no calendario académico (2ª oportunidade: xullo) a recensión do libro de ÁLVAREZ JUNCO coas mesmas características formais sinaladas no punto 9 destas Observacións
- 10.2.2. No caso de alumnos con dispensa académica ou repetidores entregar (se non se fixera na 1ª convocatoria ata o 15 de abril) ou mellorar a devandita recensión do libro de ÁLVAREZ JUNCO coas mesmas características formais sinaladas no punto 9 destas Observacións
- 10.3. Obradoiro (clases dos venres)
- 10.3.1. presentar na data fixada no calendario académico (2ª oportunidade: xullo) o resumo-comentario persoal da obra Los Pazos de Ulloa, coas mesmas características formais sinaladas no punto 8 destas Observacións
- 10.3.2. No caso de alumnos con dispensa académica ou repetidores entregar (se non se fixera na 1ª convocatoria ata o 15 de abril) ou mellorar o resumo-comentario persoal da obra Los Pazos de Ulloa, coas mesmas características formais sinaladas no punto 8 destas Observacións
11. Os alumnos presentados á convocatoria extraordinaria de decembro concorren nas mesmas condicións sinaladas para a segunda oportunidade.



